

CINEMA PORTUGUÉS.

HIPÓTESES PARA UN FUTURO

NICHOLAS RAY.

WE CAN'T GO HOME AGAIN

FEDERICO FELLINI (E III)

S8: PETER KUBELKA

PREMIS GAUDÍ

NERVIO ÓPTICO

ARTES POLA INTEGRACIÓN

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA



S8: PETER KUBELKA:

En colaboración con (S8) III Mostra de Cinema Periférico da Coruña.



É difícil topar cunha personalidade máis apaixonante, inquieta, erudita e versátil que a do austríaco Peter Kubelka. Cineasta experimental mítico e de obra especialmente exigua –sete pezas, apenas unha hora de duración total-, a súa produción cinematográfica aparece elaborada ao longo de case que sesenta anos. Nado en Viena en 1934, fundador xunto a Peter Konlechner da cinemateca do seu país, a Österreichische Filmmuseum (1964), e tamén da Anthology Film Archives, establecido daquela en Estados Unidos (1970), teórico da radicalidade estética, pioneiro iconoclasta, docente, membro dunha vangarda estadounidense extraordinaria, a dos 60 –de Stan Brakhage a Jonas Mekas-, Kubelka é ademais experto cocinheiro e intérprete de música barroca, actividades todas que unifica ou integra nun todo coherente que fai del un convidado excepcional co gallo da celebración de (S8) III Mostra de Cinema Periférico.

A sesión *Integral Kubelka* permitirá que o autor presente -experiencia inesquecible- as sete películas, a máis curta dun minuto de duración, a máis longa de dezaseis, que representan a súa filmografía: *Mosaik im Vertrauen* (1954-1955), *Adebar* (1956-1957), *Schwechater* (1957-1958), *Arnulf Rainer* (1958-1960), *Unsere Afrikaraise* (1961-1966), *Pause!* (1975-1977) e *Dichtung und Wahrheit / Poetry and truth* (1996-2003). A sesión onda Peter Kubelka, moi capaz de analizar e adubar todos os elementos, resérvanos sorpresas. Os procesos de elaboración e depuración da súa obra exemplifican a tarefa e significación desta figura épica pola que pululan cine da irrupción e non narrativo, arte métrica, aprehensión da imaxe e do son, contacto directo coa materia, recuperación de realidades sensoriais, subversión da publicidade e da imaxe estandarizada, interconexión con outros ámbitos artísticos, ritmo, musicalidade, cadencias, autenticidade, un cine lucidamente reducido á súa esencia, mergullado nun mundo de pracer e éxtase. En fin, unha personalidade única.

A presenza de Peter Kubelka vén precedida dun documental de case catro horas de duración dirixido pola cineasta checa Martina Kudláček, *Fragments of Kubelka*, onde o realizador austríaco expón a súa filosofía de vida nunha longa entrevista puntuada con imaxes de arquivo e algúns, máis ben poucos, fragmentos das súas películas, dado o receo do cineasta austríaco a dixitalizar a súa obra.

Agradecementos: Peter Kubelka, Sixpack Film (Austria), Martina Kudláček.

ARTES POLA INTEGRACIÓN:

En colaboración co concello da Coruña.

Proxecto dirixido por Carlota Pérez e Manuel Oliveira, *Encontro: Artes pola integración*, une varias institucións á vez que ofrece representacións artísticas arredor de grupos socialmente excluídos e permite a súa visibilidade e (auto)representación. O CGAI engloba catro proxeccións que teñen un núcleo común: o excluído (e os seus espazos) é o motor da acción. *René* (2008), non ficción da checa Helena Trestiková comprende vinte anos de filmacións, de cárcere e correccións para o protagonista (real), René Plasil. Enfiada na contemporaneidade filmica, a relación suxeito filmado-documentalista gravita sobre a irrepitible historia. E vinte anos son os que transcorren entre o achegamento á familia Panero no clásico *El desencanto* (1976) de Jaime Chávarri e *Después de tantos años* (1994) de Ricardo Franco, revisitación de traumas, vivéns emocionais, intelixencias torturadas e espazos de clausura a modo de testamento dos fillos do poeta Leopoldo Panero. Un lúcido debuxante, Miguel Gallardo, publica en 2008 un cómic moi persoal. *María y yo* (2010) é a súa plasmación cinematográfica. Filme catarse apuntalado nunha viaxe de vacacións dunha filla con autismo, María, onda seu pai, o propio Gallardo, aparece chea de sensibilidade e sentido lúdico. Por último, recuperamos un título de culto da transición española, *Animación en la sala de espera* (1981), documento con doses metanarrativas sobre a vida cotiá nun hospital psiquiátrico, verdadeiro rexistro humano de psicopatoloxías.

Agradecementos: Ines Skrbic, Taskovsky Films (Reino Unido), Ana Beltrán, Cristina Bernádez, Filmoteca Española.

NICHOLAS RAY:

O exilio, consonte lembran Jos Oliver e Víctor Erice no seu fermoso volume *Nicholas Ray y su tiempo* (1986), é unha condición interior, un sentimento que o director de cine estadounidense Nicholas Ray (1911-1979) fai aniñar en toda a súa obra (e vida). De formación humanista, vinculado na súa mocidade á arquitectura, á etnografía e á música tradicional ou ao teatro, o autor de *Johnny Guitar* (1953), *Rebelde sin causa* (1955), *Bigger than life* (1956) ou *Chicago, año 30* (1958) establece, dentro do Hollywood dos anos 40-50, unha filmografía marcada pola procura estética, o alento poético e o proceso de reflexión sobre o mundo transitado en que se sortea con habelencia a fenda entre clasicismo e modernidade. A efémera carreira de Ray en Hollywood conclúe despois do caos da rodaxe de *Muerte en los pantanos* (1958), epílogo a unha conflictiva relación cos estudos que o levará a ver cernadas varias das súas montaxes. Establecido en España, logo de dúas producións para Samuel Bronston (*Rey de reyes, 55 días en Pekín*), Ray pecha a súa traxectoria como director comercial e regresa aos Estados Unidos. Alí tenta filmar o xuízo dos sete de Chicago, momento emblemático da paranoia, a represión e a contestación na América dos 60, comezando aos poucos, 1971, a súa estadia como docente no Harpur College (Binghampton, Nova York, onde comparte aulas

con Ken Jacobs). Nese contexto, unhas clases cheas de entusiasmo e talento nas que o realizador de *Los amantes de la noche* (1948) esixe previamente aos alumnos as lecturas de *O mito de Sísifo* de Camus e *Ensaio sobre a risa* de Bergson, Ray reivindica que só a práctica cinematográfica ten sentido. Xorde *We can't go home again* (*Nunca volveremos a casa*) (1971-1979), un crebacabezas testamentario e suxectivo realizado con bolsas e cartos propios en que Ray morre sen chegar a unha montaxe definitiva.

Peza con carácter de aventura singular e proxecto comunitario, é un filme experimental onde o regreso á xuventude rebelde (os propios estudantes na súa relación co profesor, el; o clima radical e contracultural) mestúrase co autorretrato, o psicodrama, a escenificación xeracional, o manexo do *happening*, a idea dos espazos de tránsito (non fogares), aparecendo, en palabras de Jonathan Rosebaum, como “unha denuncia da alienación política radicalmente experimental con imaxes múltiples, filmada en parte en 8mm, Súper-8, 16 mm, Súper-16, e 35 mm, onde as imaxes se combinan cun sintetizador de vídeo nun fresco cheo de xente”. Presentada en Cannes 1973, con montaxe en 1976, a única copia en 35 mm en circulación dispoñible pertencía ao escritor cinematográfico e distribuidor español Jos Oliver, bo coñecedor do seu legado. O festival de Venecia presentará na edición 2011 unha copia restaurada de *We can't go home again*. A viúva do director, Susan Ray (Susan Schwartz), presidenta de The Nicholas Ray Foundation, participante naquel proxecto (coñecéronse en Chicago en 1969), coordina un labor de restauración dixital (a 4k) con limpeza e melloras na imaxe e máis unha recuperación do son, engadíndolle alteracións cruciais (a inclusión da narración do propio Ray). Susan asina e estrea na mesma edición do certame italiano un documental, *Don't Expect too much*, sobre o insólito proceso de traballo, un material que complementa o filme inacabado, aquel por certo ao que máis tempo dedicaría o seu autor.

Agradecementos: Susan Ray, Ángel Santos, Jos Oliver, Raúl Sanjurjo.

CINEMA PORTUGUÉS. HIPÓTESES PARA UN FUTURO:

En colaboración con Zero em Comportamento (Portugal).



“O IndieLisboa, sendo un dos festivais portugueses máis importantes, dedica especial atención ao cinema portugués. Por iso, ten unha grande preocupación por crear oportunidades para que os filmes portugueses teñan a máxima visibilidade fóra de Portugal. E é nese sentido que se encadra esta mostra, á que decidimos dar o nome esperanzador de “Cinema Portugués. Hipóteses para un Futuro”.

Acreditamos que algo do futuro do Cinema Portugués pasa por este conxunto de realizadores. Uns son máis vellos que outros e uns teñen xa máis obra que outros, mais en todos se nota un esforzo por faceren cine cunha linguaxe propia, individual, e libre de prexuízos. E iso é do que nós gustamos. Persoas, autores, que, capaces de traballar nas precarias condicións en que o Cinema Portugués (sobre) vive, non perden a oportunidade de deixar unha marca indeleble nos seus filmes. Un agradecemento moi especial a todos os produtores e realizadores que nos permitiron organizar esta mostra que esperamos contribúa a aproximarmos aínda máis os nosos dous pobos”.

Rui Pereira, comisario do ciclo.

Agradecementos: Rui Pereira, Gonçalo Tocha, Martin Pawley.

PREMIS GAUDÍ:

En colaboración coa Academia Galega do Audiovisual e Acadèmia del Cinema Català.

Máis un ano, proxectamos varias pezas premiadas na última edición dos premios do cine catalán, os Gaudí. A mellor película en lingua catalá, *Eva* de Kike Mailló; a mellor película de animación, *Chico & Rita* dos célebres Fernando Trueba e Javier Mariscal, á súa vez finalistas ao Oscar; o mellor documental, dirixido por Mireia Ros, *Barcelona. Abans que el temps ho esborri / Barcelona. Antes de que el tiempo lo borre*, e a mellor película para televisión, *14 d-abril: Macià contra Companys* de Manuel Huerqa, o autor de *Gaudí, Antártida e Salvador*.

NERVIO ÓPTICO:

Ciclo de animación contemporánea comisariado polo programador do BAFICI Fran Gayo.

“Circula pola rede unha tira cómica de contido revelador e que serve perfectamente para abrir este texto. Asinada por alguén so o pseudónimo Mologh, “Produtora agresiva” amosa unha executiva dunha compañía indefinida a ditar por teléfono as directrices que han marcar a realización do próximo tanque de animación 3D producido polo seu estudo. Ha ser un filme no que se investirán douscentos millóns de capital, sen personaxes, nin guiño, nin director, nada de banda sonora nin dobradores, só o efecto máis realista que se poida conseguir, puro CG (é dicir, computer generated). O que nun principio podería parecer unha extravagancia a queimarroupa agocha en once viñetas un retrato bastante axustado dos efectos que o hipernaturalismo obsesivo ten sobre a animación e a súa evolución nestes últimos anos. Poderíamos dicir que co comezo do século e producións como *Final Fantasy: The spirits within*, *Polar Express* ou *Beowulf* ábrese unha veda do render desbocado, algo que se acentúa coa aparición do sistema *motion capture*, o detallismo chega a niveis de hipertrofia, procúrase unha realidade máis exacta que a realidade mesma; poros, pestanas e texturas de

toda clase sen imperfección ningunha, movementos que reproducen con pormenor o aparato motor humano. Non resulta, logo, tan difícil de entender que cando nos enfrontamos con algúns dos traballos 3D máis celebrados de cada temporada nos custe discernir se estamos vendo unha curtametraxe, ou se o que se reproduce na nosa pantalla é un simulador de voo, o teaser dun novo xogo para a X Box 360 ou a beta dun software de aplicacións clínicas acabado de saír do forno.

Afortunadamente, do mesmo modo que non se detén a fuxida cara a adiante neste proceso, tampouco deixan de xurdir francotiradores que desmenten as tendencias e formulan desafíos de todo tipo, xa sexa recorrendo a maneiras artesanais como o stop motion, á pixilación ou á animación 2D máis tradicional, xa sexa forzando, ata violentando as ferramentas de última xeración, o software como medio para acadar unha deformidade fermosa, lograr outras formas narrativas e obter metáforas doutro xeito imposibles.

Os catro programas que amosaremos en Nervio Óptico ábreñsen sen condescendencias de ningunha clase ao espectador, mantéñeno acordado, alerta, poderán irritar, conmover ou desconcertar, pero en ningún caso caer no terreo da indiferenza ou xogar a baza do embeleco como quen adormece observando un protector de pantallas ultra-deseñado. Fronte ao anonimato no que se moven os enxeñeiros xenéticos do 3D nas súas capelas habituais de Siggraph, Pisaf ou as soldas de negocio de Anney, aquí falamos de autores en primeira persoa, con nomes, apelidos e un mundo propio, artistas cuxos logros e enigmas van máis aló da circunscripción da animación. Poucas directoras en activo se referen á sexualidade feminina coa franqueza sen disimulo de Baumane, poucos directores ofrecen un universo tan hipnótico, coherente e difícil de interpretar (e para que?) como Wada, poucos estudos de animación poden facer gala dun compromiso e unha liberdade creativa así como unha minuciosidade extrema no aspecto técnico como Nuku Film. E en canto a O'Reilly, rescitou o punk para todos nós, *anarchy is his second name*, a súa obra é a posta en cuestión sistemática de modelos narrativos, preceptos morais, do bo gusto por consenso ou a corrección política”.

Fran Gayo, comisario do ciclo.

Agradecementos: Fran Gayo, David O'Reilly, Signe Baumane, Nuku Film, Atsushi Wada.

FÓRA DE SERIE:

A constante actualización de títulos nesta sección permite unha recuperación do mellor da produción mundial recente. Os últimos filmes de cineastas do prestixio e talento de Aleksandr Sokurov (*Fausto*, gañador en Venecia 2011) e Aki Kaurismaki (*El Havre*) contra a estrea. A segunda longametraxe de Julio Hernández Cordón (1975), premiada en San Sebastián, *Las Marimbas del infierno* (2010) posúe unha hábil combinación de ficción e non ficción. En colaboración con Expotaku e a publicación especializada *A Cuarta Pared* cremos na boa saúde do thriller surcoreano, coa proxección da enérxica e persoal *The Yellow sea* de Na Hong-Jin. *This is not a film* de Jafar Panahi coloca o espectador na pelexa dun autor, o iraníano Jafar Panahi, polas liberdades básicas ao tempo que serve para presentar o último libro do profesor e crítico Ángel Quintana, *Después del cine. Imagen y realidad en la era digital*, reflexión sobre as transformacións tecnolóxicas editado por Acantilado.

Aproveitándonos a celebración de (S8) III Mostra de Cine Periférico, programamos títulos afíns, entendidos como complemento adecuado. *Buenas noches, España* do filipino Raya Martin (con produción española), a estrea en España do último Nathaniel Dorsy e a recuperación de traballos de mestres da vangarda como Peter Tscherkassky e o estadounidense Stan Brakhage proseguen a labor de visibilización deste material.

Agradecementos: Ángel Quintana, Víctor Paz, Expotaku, A Cuarta Pared, Rodolfo Pardo, Fernanda del Nido, Sixpack Film (Austria), Light Cone (Francia).



OFF GALICIA:

A estrea da esperada longametraxe de Ángel Santos *Dous fragmentos /Eva* (2011), vai acompañada dun variado repertorio de traballos galegos. Desde a sesión dedicada simultaneamente a un director (Seném Outeiro) e a unha produtora independente (Filmika Galaika) ata unha aproximación á cultura urbana (*Ejes*), de estimulantes traballos documentais, como o do crítico Eloy Domínguez (*Hijos de Sansón*), Alberto Lobelle, xa curtido en Documenta Madrid (*Matisse se escribe con dos eses*) ou David Varela (*Banaras Me*) á Mostra IVAHM, comisariada polos galegos Francisco Brives e Néstor Prieto, que contén pezas de videoarte de Colombia e Israel. A videodanza atopa espazo de exhibición cunha sesión que reanima a pluralidade de propostas existente: *Bloody's coffee* (Masako Hattori), *Danza na terra* (José Manuel Vilaboy), *Os tentáculos dos anxos* (Xurxo Gómez-Chao) e *Arteandando* (Carlota Pérez, Sergio Zearreta e Xurxo Gómez-Chao).

Agradecementos: Roi Carballido, Seném Outeiro, Xurxo Chirro, Manuel Silva, Ximena Losada, Eloy Domínguez, Estefanía Vázquez, Clara Porta Soler, Silvia Longueira, Fundación Luis Seoane, Museo de Belas Artes da Coruña, Carlota Pérez, Xurxo Gómez-Chao, Sergio Zearreta, José Manuel Vilaboy, Masako Hattori, Kirenia Martínez, Beatriz Pérez, Ángel Santos, Daniel Froiz, Iria Pinheiro, Francisco Brives, Lola Martínez, David Varela, Alberto Lobelle.

**MARTES**



**MÉRCORES**

maio 2 18.15 e 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**Luces de variedades**  
 Alberto Lattuada e Federico Fellini, 1950. 93'.  
 Subtítulos galego.

**XOVES**

maio 3 18.15 h  
**Nicholas Ray**  
**Don't expect too much**  
 Susan Ray, 2011. 73'. Vídeo.  
 Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Nicholas Ray**  
**We can't go home again**  
 (1971-2010) 96'.  
 Vídeo. Subt. castelán.  
 Presentación a cargo de Ángel Santos. Entrada gratuíta.

**VENRES**

maio 4 18.15 h  
**Nicholas Ray**  
**We can't go home again**  
 (1971-2010) 96'.  
 Vídeo. Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Nicholas Ray**  
**Don't expect too much**  
 Susan Ray, 2011.  
 73'. Vídeo. Subt. castelán.

**SÁBADO**

maio 5 18.00 h  
**Off Galicia: Seném Outeiro**  
**24** (2010)  
**O espírito das trincadeiras**  
 (2010)  
**Ophiusa** (2011)  
 78'. Vídeo. Presentación ao coidado do seu autor.  
 Entrada de balde.

maio 8 20.30 h  
**Artes pola integración**  
**René**  
 Helena Trestikova, 2008.  
 80'. Subt. galego.  
 Presentación a cargo de Carlota Pérez. Entrada gratuíta.

maio 9 18.15 e 20.30 h  
**Artes pola integración**  
**Después de tantos años**  
 Ricardo Franco, 1994. 97'.

maio 10 18.15 e 20.30 h  
**Artes pola integración**  
**María y yo**  
 Félix Fernández de Castro, 2010. 77'. Vídeo.

maio 11 18.15 h  
**Artes pola integración**  
**Animación en la sala de espera**  
 Carlos Rodríguez Sanz e Manuel Coronado, 1981.  
 80'. Vídeo.  
 20.30 h  
**Fóra de serie**  
**Las marimbas del infierno**  
 Julio Hernández Cordón, 2010.  
 73'. Vídeo.

maio 12 18.00 h  
**CGAI Júnior**  
**Buenos días**  
 Yasujiro Ozu, 1959. 94'.  
 Subt. castelán.  
 Entrada de balde.

maio 15 18.15 h  
**Premis Gaudí**  
**Barcelona. Abans que el temps ho esborri**  
 Mireia Ros, 2011.  
 98'. Vídeo. Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Premis Gaudí**  
**Chico & Rita**  
 Fernando Trueba e Javier Mariscal, 2011. 90'.

maio 16 18.15 h  
**Premis Gaudí**  
**14 d'abril: Macià contra Companys**  
 Manuel Hueriga, 2011. 84'.  
 Vídeo. Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Premis Gaudí**  
**Eva**  
 Kike Maíllo, 2011. 94'. DCP.  
 Subt. castelán.



maio 18 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**La ciudad de las mujeres**  
 (1979)  
 140'. Subt. galego.

maio 19 18.00 horas  
**Off Galicia**  
**Hijos de Sansón**  
 (Eloy Domínguez, 2011)  
**Ejes** (Manuel Silva, 2012)  
 54'. Vídeo. Presentación polos seus autores. Entrada de balde.

maio 22 18.15 e 20.30 h.  
**Federico Fellini**  
**El jeque blanco**  
 (1951)  
 84'. Subt. galego.

maio 23 18.15 e 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**Bocaccio 70**  
 Vittorio de Sica, Federico Fellini, Mario Monicelli e Luchino Visconti, 1962.  
 101'. Subt. galego.

maio 24 18.15 e 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**Historias extraordinarias**  
 Roger Vadim, Louis Malle e Federico Fellini, 1968. 121'.  
 Subt. galego.

maio 25 20.30 h  
**Fóra de serie: Expotaku**  
**The yellow sea**  
 Na Hong-Jin, 2010. 157'. DCP.  
 Subt. castelán.

maio 26 18.00 h  
**Off Galicia: videodanza**  
**Sesión videodanza**  
 55'. Vídeo. Presentación a cargo dos seus autores.  
 Entrada de balde.

maio 29 20.30 h  
**Fóra de serie**  
**This is not a film**  
 Jafar Panahi, 2011. 75'. DCP.  
 Subt. castelán.  
 Presentación do libro *Después del cine* a cargo do seu autor, Ángel Quintana.  
 Entrada gratuíta.

maio 30 18.15 e 20.30 h  
**Fóra de serie: S8**  
**Buenas noches, España**  
 Raya Martin, 2011.  
 71'. DCP.



maio 31 18.00 h  
**S8: Peter Kubelka**  
**Fragments of Kubelka**  
 Martina Kudláček, 2012.  
 DCP. 232'.

xuño 1 18.15 h  
**Fóra de serie: S8**  
**17 reasons why**  
 (Nathaniel Dorsky, 1985-1987)  
**The return**  
 (Nathaniel Dorsky, 2011)  
**Coming attractions**  
 (Peter Tscherkassky, 2010).  
 72'. Subt. galego.

xuño 2 18.00 h  
**Fóra de serie: S8**  
**The riddle of lumen**  
 (Stan Brakhage, 1972)  
**The text of light**  
 (Stan Brakhage, 1974. 84')



xuño 5 20.30 h  
**Fóra de serie**  
**Fausto**  
 Aleksandr Sokurov, 2011.  
 134'. Subt. castelán.

xuño 6 18.15 e 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**Block-notes di un regista**  
 (1969)  
**Ensayo de orquesta** (1978)  
 122'. Vídeo / Cine. Subt. galego.

xuño 7 18.15 e 20.30 h  
**Federico Fellini**  
**Y la nave va** (1983)  
 122'. Subt. galego.

xuño 8 18.15 e 20.45 h  
**Federico Fellini**  
**Ginger y Fred** (1986)  
 127'. Subt. galego.

xuño 9 18.00 h  
**Off Galicia**  
**Dous fragmentos/Eva**  
 Ángel Santos, 2011. 80'.  
 Presentación a cargo do seu autor. Entrada de balde.

xuño 12 18.15 e 20.30 h  
**Cine portugués**  
**José e Pilar**  
 Miguel Gonçalves Méndez, 2010. 125'. DCP.  
 Subt. castelán.

xuño 13 20.30 h  
**Cine portugués**  
**Balaou**  
 Gonçalo Tocha, 2007. 77'.  
 Vídeo. Subt. el. castelán.  
 Presentación a cargo de Rui Pereira e Gonçalo Tocha.  
 Entrada de balde.

xuño 14 20.00 h  
**Cine portugués**  
**É na terra não é na lua**  
 Gonçalo Tocha, 2011. 185'.  
 Vídeo. Subt. el. castelán.  
 Presentación por Gonçalo Tocha e Rui Pereira.  
 Entrada de balde.

xuño 15 18.15 h  
**Fóra de serie**  
**Pezas "Novas miradas, novos espectadores"**  
 20.30 h  
**Cine portugués**  
**O Barão** Edgar Pêra, 2011. 95'.  
 Subt. el. castelán.

xuño 16 18.00 h  
**Off Galicia**  
**Mostra IVAHM**  
 90'. Vídeo. Presentación de Francisco Brives. Entrada de balde.

xuño 19 20.30 h  
**Nervio Óptico**  
**Sesión David O'Reilly**  
 (2002-2011)  
 65'. Vídeo. Subt. galego.  
 Presentación a cargo de Fran Gayo, comisario do ciclo.  
 Entrada de balde.

xuño 20 18.15 h  
**Federico Fellini**  
**Amor en la ciudad**  
 (varios autores, 1953)  
 105'. Subt. galego.  
 20.30 h  
**Nervio Óptico**  
**Sesión Signe Baumane**  
 (1991-2009)  
 80'. Vídeo. Subt. galego.

xuño 21 18.15 h  
**Federico Fellini**  
**Entrevista** (1987)  
 105'. Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Nervio Óptico**  
**Sesión Nuku Film** (2009-2011)  
 72'. Vídeo.

xuño 22 18.15 h  
**Federico Fellini**  
**Entrevista** (1987)  
 105'. Subt. castelán.  
 20.30 h  
**Nervio Óptico**  
**Sesión Atsushi Wada**  
 (2003-2011)  
 60'. Vídeo.

xuño 23 18.00 h  
**Off Galicia**  
**Banaras Me**  
 David Varela, 2011. 126'.  
 Vídeo. Entrada de balde.

xuño 26 18.15 e 20.30 h  
**Cine portugués**  
**Guerra civil**  
 Pedro Caldas, 2010. 90'.  
 Subt. el. castelán.

xuño 27 18.15 e 20.30 h  
**Cine portugués**  
**Traces of a Diary**  
 (Marco Martins e André Príncipe, 2010)  
**Incendio** (Karen Akerman, Miguel Seabra, 2011)  
 113'. Vídeo. Subt. el. castelán.

xuño 28 18.15 e 20.30 h  
**Cine portugués**  
**Infinito** (André Santos e Marco Leão, 2011)  
**La ilusión te queda**  
 (Francisco Lezama e Márcio Laranjeira, 2011)  
**Palacios de pena** (Gabriel Abrantes e Daniel Schmidt, 2011)  
 97'. Vídeo / cine. Subt. el. castelán.

xuño 29 18.15 e 20.30 h.  
**Fóra de serie**  
**El Havre**  
 Aki Kaurismaki, 2011. 92'.

xuño 30 18.00 h  
**Off Galicia**  
**Matisse se escribe con dos eses**  
 Alberto Lobelle, 2011. 100'.  
 Vídeo. Presentación do seu autor. Entrada de balde.